



Sección Sindical de Regulación de Empleo

REUNION (II)

DIRECCION-COMITÉ (5/06/09)

No día de hoxe celebrouse a 2ª reunión sobre o Plan de Baixas que a Empresa quere levar adiante durante o ano 2009.

A C.I.G. fixo chegar á Dirección, no día de onte, os puntos básicos que entendemos deberan quedar recollidos, e que expoñemos a continuación:

1º.- *Que se respecten as cuantías económicas daqueles traballadores/as ós que se lles calculara a indemnización do Plan anterior.*

2º.- *Que a Empresa se faga cargo dos descontos do IRPF cos que se van gravar as indemnizacións daqueles traballadores/as que opten por acollerse a este novo Plan.*

3º.- *Que, tal e como se recolleu en Plans anteriores, se adquira o compromiso por parte da Dirección de garantir, cando menos, os contratos indefinidos pactados no Convenio Colectivo.*

4º.- *Condonación do desconto dos traballadores/as que xa están en situación de xubilación parcial.*

-A Dirección fai os seguintes comentarios:

-.A xubilación parcial entraría en vigor de acadarse unha produción de 380.000 coches, cifra maior a dada na reunión anterior.

-.Con respecto as Indemnizacións: Van cubrir as expectativas no que respecta as deducións fiscais.

-.Aqueles/as que se acollan cunha idade inferior para a xubilación habería un concerto especial pagado pola empresa, para non sufrir merma a hora de xubilarse, (Lei do 2002).

-.Persoal fixo: Como todos/as sabedes, no Convenio quedou establecido, que de non haber o 10% de eventualidade non se procedería a formalizar contratos fixos. A Dirección manifesta que, de non darse esa eventualidade comprométese a formaliza 90 contratos.

Para a C.I.G., en materia de emprego, que a Dirección supere o pactado no convenio é ben valorado, se ben, estes contratos deberan ser todos de persoal do Taller, xesto que tamén debería ter en canto a produción prevista substituíndo os alongamentos de xornada previstos por contratación de traballadores/as, tal como a propia sociedade demanda.

Finalmente comentar, que a Dirección parece ter demasiada presa, e quere unha resposta para o martes, e dicir 7 días dende o inicio de Consultas. Tendo en conta que estamos a falar dun Expediente de Regulación de Emprego, e para o cal a lei nos outorga ós sindicatos 15 días, a C.I.G. dará a súa posición para o seguinte luns.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com